

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO de contratación das obras de arrombamento de medianeiras do concello.

1. Entidade que adxudica. Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Patrimonio Histórico. Nº expediente: 8521-307.

2. Obxecto do contrato: execución das obras do proxecto «Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública».

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: 45 días. Prórroga: non procede.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 245.490,67 euros. IVE a soportar pola administración: 51.553,04 euros. Orzamento total: 297.043,71 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: non.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 81 01 48. Fax: (986) 22 62 06.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un

CVE-DOG: 5yrlh9m8-lnt0-aep9-xsw3-wemxlsfxc6y1



volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato e, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo c (edificacións), subgrupo 4 (albanelaría, recibos e revestimentos), categoría 2. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao valor estimado e, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo c (edificacións), subgrupo 4 (albanelaría, recibos e revestimentos), categoría 2.

8. Presentación de ofertas. Prazo: o prazo rematará aos 26 días seguintes ao da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a exixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura de ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: véxase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 4 de maio de 2017

O alcalde
P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)
David Regades Fernández
Concelleiro delegado de Contratación

CVE-DOG: 5yrlh9m8-lnt0-aep9-xsw3-wemxlsfxc6y1

